

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

FOTOBIOGRAFÍA SONORA

Avilés de Taramancos: "Escoita, é o meu corazón"

A edición inclúe un libro con máis de cen fotografías e dous cedés con 24 poemas lidos polo poeta e musicados por Rodrigo Romaní.

Redacción - 18:15 14/04/2009

*Non é vento nena non;
é o meu corazón que ouvea.
Escoita, é o meu corazón.*

Falaba así [Avilés de Taramancos](#), Antón Avilés Vinagre, o poeta que nos deixou hai xa 17 anos e que foi homenaxeado no 2003 co Día das Letras. Regalounos *As moradias do vento*, *As torres no ar*, *Cantos caucanos*, *Nova crónica das Indias* ou *Última fuxida a Harar*, obras fundamentais da poesía galega do século XX que agora podemos escoitar na súa propia voz.

A [Fotobiografía Sonora de Avilés de Taramancos](#) que edita a discográfica Ouvirmos conta coa participación de Martín Veiga, autor dos textos; de Ana Romaní, que analiza os poemas, e de Rodrigo Romaní, que musica os textos lidos polo poeta. O libro inclúe máis de cen fotografías a través das que conta a vida do autor e taberneiro, e dous cedés con 24 poemas na propia voz de Avilés.

[Le aquí unha escolma da produción de Avilés de Taramancos](#)